

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE XULLO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 17 de xullo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de xullo de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez  
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1a)  
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8a, 8b, 9a e 9b)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta da sesión do 10 de xullo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 10 de xullo de 2018 cos votos de D. Alberto Escariz Couso, D. José Riesgo Boluda, D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez e D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey.

### **8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e Area de Servizos Xerais e a Técnica media de obras públicas, oficina de supervisión, proxectos e inspección técnica de obras o 9 de xullo e o 11 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)(informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e Area de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:32	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A148-585431-ACB9D5-44DRLK-1DQDM8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizos Xerais e a Técnica media de obras públicas, oficina de supervisión, proxectos e inspección técnica de obras o 13 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

#### **9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e Area de Servizos Xerais e a Técnica media de obras públicas, oficina de supervisión, proxectos e inspección técnica de obras o 9 de xullo e o 11 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

##### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e Area de Servizos Xerais e a Técnica media de obras públicas, oficina de supervisión, proxectos e inspección técnica de obras o 13 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

#### **11.- Propostas de adxudicación**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)

#### **ANTECEDENTES**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:32	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A148-585431-ACB9D5-44DRLK-1DQDM8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de xuño, adoptou o seguinte acordo:

*"Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 19 de xuño de 2018 pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro Xefe de Vías e Obras da Área de Servizos Xerais e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico:*

1. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
2. COVIASSTEC, S.L.

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.	99,34
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,75
3	COPCISA, S.A.	96,84
4	ACEVI, S.L.	96,30
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,74
6	REFORVIGO, S.L.	89,60
7	DICSA, DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A.U.	87,29

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:32	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A148-585431-ACB9D5-44DRLK-1DQDM8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., o día 2 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de xullo de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 31 de maio de 2018 e 19 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)*

a) O prezo total do contrato é de 221.710,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.478,73 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:32	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A148-585431-ACB9D5-44DRLK-1DQDM8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)**

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de abril de 2018, polo que non se admite neste procedemento a TINSA TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación a través das oficinas de Correos, esixidos no artigo 80.4 do RXLCAP e na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, ao ter anunciado por fax a remisión da oferta unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas (o prazo rematou o 11 de abril de 2018 e o fax recibíuse o 12 de abril, segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral o 16 de abril de 2018).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:32	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A148-585431-ACB9D5-44DRLK-1DQDM8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240) na seguinte orde descendente:*

	Empresas	Puntuación
1	IDOM CONSULTIG, ENGINNEERING, ARCHITECTURE, S.A.U.	97,72
2	NUEVAS VENTAJAS, S.L.	76,00
3	BDO AUDITORES, S.L.P.	74,50
4	PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	66,34
5	VALTECSA	49,82

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, IDOM CONSULTIG, ENGINNEERING, ARCHITECTURE, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.059,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación". "*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, IDOM CONSULTIG, ENGINNEERING, ARCHITECTURE, S.A.U, o día 3 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 13 de xullo de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:32	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A148-585431-ACB9D5-44DRLK-1DQDM8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IDOM CONSULTIG, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IDOM CONSULTIG, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 6 de xuño de 2018 e 19 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a IDOM CONSULTIG, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U o procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 59.692,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.359,85 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

